

## **7 RECURSOS MATERIALES Y SERVICIOS**

### **7.1. Justificación de la adecuación de los medios materiales y servicios disponibles.**

#### **Recursos disponibles:**

- a) Aulas de propósito general:
- b) Aulas-seminario y laboratorios con dotación específica:
- c) Espacios para trabajo de los/as estudiantes:
- d) Otros espacios:
- e) Biblioteca:
- f) Recursos en red para la docencia

El equipamiento docente necesario para el desarrollo de las actividades docentes en los distintos Centros, se amplía o se renueva periódicamente, a través de los recursos que para este fin reciben anualmente los centros.

De cara a la implantación del nuevo Master, no se requiere una acción específica extraordinaria de nuevos recursos, dado que los centros implicados disponen de los recursos materiales y servicios necesarios para comenzar a impartir el título que se propone, evaluándose en ese momento las posibles deficiencias.

Los laboratorios implicados en la impartición del master tienen una completa instrumentación analítica. Disponemos de equipos de cromatografía líquida de alta resolución (HPLC) con detectores UV-Vis; fluorescencia, índice de refracción espectrometría de masas etc. así como equipos de cromatografía de gases (GC) GC-FID/PID, GC-MS. También contamos con espectrofotómetroS UV-Vis, infrarrojo espectrofluorímetro, etc.

Disponemos también de instrumentación para la preparación de la muestra, extractor de fluidos supercríticos, placas con agitación, vortex, baños de agua etc. etc.

Además de otros grandes equipos disponibles en los servicios centrales de la Universidad (Resonancia Magnética Nuclear, Espectrometría de masas de alta resolución etc.).

#### **Mecanismos para garantizar la revisión y el mantenimiento:**

La USC cuenta con los siguientes servicios técnicos de mantenimiento y reparación, bajo responsabilidad del vicerrectorado con competencias en materia de infraestructuras:

a) Infraestructuras materiales:

Oficina de arquitectura y urbanismo

(<http://www.usc.es/es/servizos/portadas/oficinaarq.jsp>)

Oficina de gestión de infraestructuras

(<http://www.usc.es/es/servizos/portadas/oxi.jsp>)

Servicio de medios audiovisuales

(<http://www.usc.es/es/servizos/portadas/servimav.jsp>)

Servicio de prevención de riesgos laborales

(<http://www.usc.es/gl/servizos/sprl/index.jsp>)

b) Recursos informáticos:

Área de TIC (<http://www.usc.es/es/servizos/atic/index.jsp>)

Centro de tecnologías para el aprendizaje (<http://www.usc.es/ceta/>)

Red de aulas de informática (<http://www.usc.es/gl/servizos/atic/rai>)

El master se impartirá en la Facultad de Farmacia (campus de Santiago), Facultad de Veterinaria, Facultad de Ciencias, Escuela Politécnica (Campus de Lugo) e Instituto de Investigaciones Marinas del CSIC de Vigo. Estos Centros disponen de espacios, aulas, laboratorios, equipamiento, biblioteca, etc adecuados para garantizar el desarrollo de las actividades formativas planificadas.

En estos mismos centros, aulas, laboratorios... se ha impartido en los últimos años el Programa de doctorado que va a ser transformado, "Alimentos: valor nutritivo, tecnología y seguridad alimentaria", que ha formado a un número muy elevado de alumnos, y se han realizado un gran número de Tesis Doctorales, ya que la mayor parte de los alumnos han alcanzado el Título de Doctor.



**CONVENIO PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS DOS ALUMNOS DA TITULACIÓN DE MÁSTER EN INNOVACION EN SEGURIDADE E TECNOLOXÍA ALIMENTARIAS DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E O CLUSTER ALIMENTARIO DE GALICIA**

**REÚNENSE**

Dunha parte, don Juan José Casares Long, Reitor Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela que actúa en nome e representación dela en virtude do Decreto 99/2010, de 17 de xuño, (DOG do 24), de seu nomeamento, e polas facultades conferidas pola Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades, modificada pola Lei Orgánica 4/2007, de 12 de abril e o Decreto 28/2004, de 22 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, con CIF Q1518001A e sede social no Pazo de San Xerome, praza do Obradoiro de Santiago de Compostela.

Da outra D. Jose Luis Antuña Álvarez, presidente, en representación do Cluster Alimentario de Galicia, rexistrada no Rexistro Central de Asociacións de Galicia co número 2010/014248-1 (SC) en adiante designada por **Clúster Alimentario de Galicia** en uso das atribucións que lle confire a artigo 16 dos Estatutos da Asociación Clúster Alimentario de Galicia.

Ámbalas dúas partes recoñécense con capacidade legal suficiente para outorgar o presente convenio e, para os efectos,

**MANIFESTAN**

1. Que a USC, como prestadora do servizo público da educación superior, realiza actividades de docencia, investigación e desenvolvemento científico e técnico.
2. Que, por iso, ten a vontade de potenciar a realización de actividades de formación, especialización e prácticas en temas de Innovación e Seguridade Alimentarias en xeral, coa finalidade de contribuír a unha mellor e máis completa formación e cualificación do estudantado.
3. Que o Clúster Alimentario de Galicia e as tres Universidades Galegas teñen asinado un convenio marco de colaboración para a realización de prácticas de alumnos, de data 4 de febreiro de 2011, que deberá ser desenvolto en convenios bilaterais de cada unha das tres universidades e o Cluster Alimentario de Galicia.

De acordo co anterior, a USC e o Cluster Alimentario de Galicia acordan asinar un convenio de colaboración, de conformidade coas seguintes



## CLÁUSULAS

### 1. Obxecto do convenio

O presente convenio ten por obxecto establecer a colaboración entre as partes de cara a unha axeitada programación, desenvolvemento e verificación de prácticas tuteladas do alumnado da titulación do Máster en Innovación en Seguridade y Tecnoloxía Alimentaria nas dependencias das entidades/empresas que se relacionan no Anexo I.

### 2. Obxecto das prácticas

O obxecto das prácticas que se van realizar será a formación dos alumnos en distintos aspectos industriais do campo de coñecemento da tecnoloxía alimentaria.

### 3. Número de prazas

O número de prazas que se convocarán para realizar prácticas dependerá en cada curso das ofertas recibidas das empresas, e concretarase nas convocatorias que faga a USC.

### 4. Período de realización das prácticas

As prácticas que son obxecto deste convenio realizaranse ó longo do ano nos períodos fixados polas empresas e concretarase nas convocatorias que faga a USC.

### 5. Número de horas e créditos que se recoñecerán

As prácticas que realicen os alumnos constarán dun mínimo e máximo en función da normativa vixente e do que establezan os correspondentes plans de estudo. Computarase un crédito ECTS por cada 25 horas de prácticas realizadas ó abeiro deste convenio. Segundo o Plano de Estudos do Máster en Innovación en Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias, o mínimo requirido son 6 ECTS, e dicitos, 150 horas.

### 6. Remuneración das prácticas

A entidade colaboradora Clúster Alimentario de Galicia ofertará prácticas non remuneradas.

### 7. Titores/as responsables e órgano universitario responsable

Oída a Entidade colaboradora, o coordinador do Máster propondrá os nomes dos respectivos Titores na Entidade e na USC a unha Comisión de Seguimento que actuará como responsable de velar polo cumprimento deste convenio, decidindo as actuacións a seguir, e cuxa composición se mostra no punto 14



#### 8. Selección dos alumnos

A USC seleccionará ás persoas que van realizar as prácticas segundo unha convocatoria que respectará os principios de publicidade, igualdade, obxectividade e mérito.

#### 9. Memoria das prácticas

Ó remate de cada período de prácticas cada un dos alumnos deberá realizar unha memoria final sobre o traballo realizado.

#### 10. Procedemento de avaliación

A avaliación das prácticas realizaraa a USC a través do titor, á vista da devandita memoria e do Informe do titor de prácticas da empresa ou entidade colaboradora. Soamente poderán ser avaliadas favorablemente se a ausencia non excede do 15% das horas programadas.

#### 11. Certificación da empresa

Se a avaliación da memoria é positiva e o informe da actuación favorable, a empresa ou entidade colaboradora emitíralle a cada un dos alumnos que participaran con regularidade nas prácticas unha certificación na que deben constar o tempo de colaboración e as actividades realizadas.

A certificación deberá especificar que, para os efectos académicos, queda supeditada á avaliación que das prácticas realice a USC.

#### 12. Relación coa empresa

O feito de que o alumnado realice prácticas nunha entidade colaboradora non suporá ningún tipo de relación laboral con ela.

Os estudantes menores de 28 anos seguen baixo a protección do seguro escolar. Os estudantes que cursen estudos na USC e estean fóra da cobertura do seguro escolar están obrigados á subscrición dun seguro obrigatorio segundo o art. 15 do Acordo do Consello de Goberno de 30 de maio de 2008.

#### 13. Obrígas da USC

A USC non achegará financiamento adicional polo feito de asinar este convenio.

#### 14. Comisión Mixta de Seguimento

Para o seguimento do convenio establecerase a mesma comisión mixta *paritaria* que figura na cláusula 5 do convenio marco : participarán, pola USC, o Vicerreitor con competencia en investigación, a Vicerreitora de Titulacións e Persoal Docente e Investigador ou persoa que designe e, por parte do Cluster Alimentario de Galicia o presidente, o vicepresidente ou persoas nas que deleguen.

A handwritten signature in black ink, consisting of several loops and strokes, is written vertically on the left side of the page.



Esta Comisión Mixta comprométese a cumprir os obxectivos que xustifican a sinatura deste convenio, realizando de modo específico as seguintes funcións:

- Organizar as propostas das prazas ofertadas cada curso académico de acordo cos criterios e normas que se establezan oportunamente.
- Propoñer ó Reitor o nomeamento tanto do titor responsable na empresa, como por parte da Universidade, para cada un dos prazos ou períodos nos que se convoquen as prácticas.
- Establecer os criterios de avaliación e control das prácticas tuteladas.
- Interpretar e aplicar con carácter xeral, as estipulacións deste convenio, así como controlar o seu cumprimento e resolver os conflitos entre as partes.
- Propoñer addendas ou modificacións a este convenio para que sexan aprobadas polos órganos competentes.

#### 15. Normas de aplicación

A este convenio seralle de aplicación a seguinte normativa:

- Real Decreto 1497/1981, del 19 de xuño, sobre programas de cooperación educativa, modificado polo Real decreto 1845/1994, de 9 de setembro, que o actualiza.
- Real Decreto 1393/2007, de 29 outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais.
- Normativa do planos de estudos de Máster en Innovación en Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias da Universidade de Santiago de Compostela.
- Normativa de prácticas externas en empresas e institucións aprobada polo Consello de Goberno do 30 de maio de 2008.

#### 16. Entrada en vigor e vixencia do convenio

Este convenio entrará en vigor o día seguinte da súa sinatura. Dado o carácter de continuidade deste tipo de prácticas ao longo do ano este convenio entenderase prorrogado automaticamente por cursos académicos se ningunha das partes o denuncia de xeito expreso poñéndoo en coñecemento da outra parte asinante con polo menos tres meses de antelación á finalización do mesmo.

En calquera caso, o convenio non se poderá rescindir no caso de que existan estudantes en período de realización das prácticas, ou seleccionados en firme para a realización das mesmas, en tanto non rematen aquelas.

#### 17. Xurisdición.

Convén indicar que, ó tratarse dun convenio de carácter administrativo, as cuestións litixiosas que puideran xurdir someteranse ós Xulgados da xurisdición Contencioso Administrativa.





**Disposición transitoria**

En tanto non se estableza algunha normativa oficial da USC que regule as convocatorias de forma única para todas as titulacións, facúltase ós centros ou órganos que a normativa determine para facer as convocatorias que considere oportunas derivadas deste convenio.

En proba de conformidade, as dúas partes asinan este convenio no lugar e na data que se indican máis abaixo.

Santiago de Compostela, a 31 de outubro de 2011

<p>POLA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA Por delegación do Sr. Reitor (RR do 01.08.2011-DOG do 18.08.2011) A Vicerreitora de Titulacións e Persoal Docente e Investigador</p> 	<p>Polo Cluster Alimentario de Galicia</p>  <p>asociación clúster alimentario de galicia Registro Central de Asociacións de Galicia núm. 2010014281 (SG) - C.I. 02740212</p>
<p>D. Carmen Fernández Morante</p>	<p>D. Jose Luis Antuña Alvarez</p>



D. José Luis Antuña Álvarez, presidente da Asociación Clúster Alimentario de Galicia, inscrita no Rexistro Central de Asociacións de Galicia co número 14248, con NIF G27407212, enderezo social no Edificio CEI - Avda. da Coruña, 490 - 2º andar, - 27003 Lugo.

**INFORMA**

Que no desenvolvemento do Convenio marco de colaboración entre as universidades galegas e o Clúster Alimentario de Galicia de 4 de febreiro de 2011, e referido ao convenio coa Universidade de Santiago de Compostela de prácticas do Máster Universitario en Innovación en Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias, mostran o seu interese en adhesión as seguintes entidades asociadas do Clúster Alimentario de Galicia:

Razón social	NIF
Asociación Clúster Alimentario de Galicia	G27407212
Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas de Pescados y Mariscos - Centro Técnico Nacional Conservación de Productos de la Pesca (ANFACO-CECOPECA)	G36625309
Bodegas Martín Codax, S.A.	A36033009
Avances Bioquímicos de la Alimentación, S.I. (ABIASA)	B36114049
Fundación Centro Tecnolóxico Alimentario de Lugo (CETAL)	G27354927
Fundación Centro Tecnolóxico da Carne (CTC)	G32273427
Conejos Gallegos, S.C.G. (COGAL)	F36030518
Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia (CRAEGA)	V27218643
Coop. Agraria Condado Paradanta S.C.G.	F36277747
Cuevas y Cia., S.A.	A32000630
Férraco Lácteos, S.L.	B15996929
Galega de Economía Social, S.L.	B15913684
Galega de Patatas, S.L.	B32153017
Ingapan, S.L.	B27037233
Innolact, S.L.	B27341502
Kiwi Atlántico, S.A.	A36681047
Portomulinos (Rosa Mª Mirás Antel)	327703888
Quelxerfas Prestes, S.L.	B27364199
Quival, S.A.	A36014330
Yatecomeré, S.L.	B94009370

En Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2011

O presidente

D. José Luis Antuña Álvarez





## ANEXO II

### DOCUMENTO DE ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CLÚSTER ALIMENTARIO DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A ORGANIZACIÓN DE PRÁCTICAS DOS ALUMNOS DO MÁSTER EN INNOVACIÓN EN SEGURIDADE E TECNOLOXÍA ALIMENTARIA.

D. Emilio González Cacheiro, Xefe de Administración da Fundación Centro Tecnolóxico da Carne,

Manifésta a adhesión da Fundación Centro Tecnolóxico da Carne, así como a aceptación dos compromisos establecidos no convenio arriba citado para a organización de prácticas dos alumnos do Máster en Innovación, Seguridade e Tecnoloxía Alimentaria da Universidade de Santiago de Compostela.

Departamentos onde poderán realizar prácticas os alumnos (e nº de prazas):

Os departamentos da Fundación Centro Tecnolóxico da Carne que estarían interesados en acoller alumnos para a realización de prácticas son:


- Laboratorio de Microbioloxía,
- Laboratorio de Cromatografía,
- Laboratorio de Físico-química.

Períodos preferentes para a realización das prácticas:

O período de realización das prácticas é indiferente, sempre que estas prácticas se realicen por un período mínimo de tres meses.

San Cibrao das Viñas, 3 de xaneiro de 2012.

O Xefe de Administración:



Fco. Emilio González Cacheiro

ANEXO II

DOCUMENTO DE ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CLUSTER ALIMENTARIO DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A ORGANIZACIÓN DE PRÁCTICAS DOS ALUMNOS DO MASTER EN INNOVACION EN SEGURIDADE Y TECNOLOXÍA ALIMENTARIA

Don/dona ..... , (Nome e cargo na empresa) *José Luis Antuña Álvarez, presidente Asociación Clúster Alimentario de Galicia*  
Manifesta a adhesión da (Nome da Empresa).... , así como a aceptación dos compromisos establecidos no Convenio arriba citado para a organización de prácticas dos alumnos do Master en Innovación en Seguridade y Tecnoloxía Alimentaria da Universidade de Santiago de Compostela.

Departamentos onde poderán realizar prácticas os alumnos (e nº de prazas):

*unitec (unidade de intelixencia tecnolóxica e competitiva) - Santiago de Compostela*  
*1 praza*

Períodos preferentes para a realización das prácticas:

*indiferente*

En Santiago

**asociación clúster  
alimentario de galicia**

Registro Central de Asociacións de Galicia  
n.ºm. P010/014248-1 (BC) - CIF: B2/40/212



ANEXO II

DOCUMENTO DE ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CLÚSTER ALIMENTARIO DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A ORGANIZACIÓN DE PRÁCTICAS DOS ALUMNOS DO MASTER EN INNOVACIÓN EN SEGURIDADE Y TECNOLOXÍA ALIMENTARIA

Don/dona Alejandro Martínez Rodríguez, Presidente Consello Rector.

Manifesta a adhesión da S. Coop. Agraria Condado Paradanta, S.C.G., así como a aceptación dos compromisos establecidos no Convenio arriba citado para a organización de prácticas dos alumnos do Master en Innovación Seguridade y Tecnoloxía Alimentaria da Universidade de Santiago de Compostela.

Departamentos onde poderán realizar prácticas os alumnos (e nº de prazas):

Calidad y seguridade alimentaria.

Unha praza.

Periodos preferentes para a realización das prácticas:

Maio - Xuño

En Santiago, a 18 de xaneiro de 2012.





ANEXO II

**DOCUMENTO DE ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CLUSTER ALIMENTARIO DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A ORGANIZACIÓN DE PRÁCTICAS DOS ALUMNOS DO MASTER EN INNOVACIÓN EN SEGURIDADE Y TECNOLOXÍA ALIMENTARIA.**

Don/dona... Sonia González Somoza.....(Dtra de RRHH

Manifesta a adhesión de FEIRACO LÁCTEOS S.L.U , así como a aceptación dos compromisos establecidos no Convenio arriba citado para a organización de prácticas dos alumnos do Máster en Innovación Seguridade y Tecnoloxía Alimentaria da Universidade de Santiago de Compostela.

Departamentos onde poderán realizar prácticas os alumnos (e nº de prazas)

DPTO COMERCIAL- 1 PRAZA  
(AREA I+D)

Períodos preferentes para a realización das prácticas:

INDIFERENTE

En Pontemaceira, a 12 de xaneiro de 2012

Fdo: Sonia González Somoza Dtra de RRHH:

ANEXO II

DOCUMENTO DE ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CLUSTER ALIMENTARIO DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A ORGANIZACIÓN DE PRÁCTICAS DOS ALUMNOS DO MASTER EN INNOVACION EN SEGURIDADE Y TECNOLOXÍA ALIMENTARIA

SERGIO MARTINEZ ALONSO (RESPONSABLE I+D+i)  
Don/dona ....., (Nome e cargo na empresa)

INNOACT, S.L.  
Manifesta a adhesión da (Nome da Empresa)...., así como a aceptación dos compromisos establecidos no Convenio arriba citado para a organización de prácticas dos alumnos do Master en Innovaciónn Seguridad e Tecnoloxía Alimentaria da Universidade de Santiago de Compostela.


Departamentos onde poderán realizar prácticas os alumnos (e nº de prazas):

DEPARTAMENTO DE CONTROL DE CALIDAD (1 PLAZA)  
DEPARTAMENTO DE INVESTIGACIÓN Y DESARROLLO (1 PLAZA)

Periodos preferentes para a realización das prácticas:

FEBRERO - JULIO

En Santiago



**INNOACT**  
POL. IND. DE CASTRO FERREAS LEA. PAR. 55-56  
27260 CASTRO DE REI (LUGO) TF. +34 982310276  
CIF: B-27941502

ANEXO II

DOCUMENTO DE ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CLUSTER ALIMENTARIO DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A ORGANIZACIÓN DE PRÁCTICAS DOS ALUMNOS DO MASTER EN INNOVACION EN SEGURIDADE Y TECNOLOXÍA ALIMENTARIA

Don/dona ..... , (Nome e cargo na empresa) **ROSA MARIA MIRAS ANTEL - GERENTE**

Manifesta a adhesión da **PORTOMUÑOS** así como a aceptación dos compromisos establecidos no Convenio arriba citado para a organización de prácticas dos alumnos do Master en Innovación en Seguridade y Tecnoloxía Alimentaria da Universidade de Santiago de Compostela.

Departamentos onde poderán realizar prácticas os alumnos (e nº de prazas):

- PRODUCCIÓN: ENVASADO CONSERVAS  
Y DESHIDRATADOS.  
1 PLAZA.

Períodos preferentes para a realización das prácticas:

INDIFERENTEMENTE  
EXCEPTO (Julio y A GOSTO)

En Santiago





**DOCUMENTO DE ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CLUSTER ALIMENTARIO DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A ORGANIZACIÓN DE PRACTICAS DOS ALUMNOS DO MASTER EN INNOVACION EN SEGURIDADE E TECNOLOXIA ALIMENTARIA**

Don José Quintas Bouzó como representante de Quival, S.A. manifiesta a adhesión da mesma, así como a aceptación dos compromisos establecidos no Convenio arriba citado para a organización de prácticas dos alumnos do Master en Innovación Seguridad e Tecnoloxía Alimentaria da Universidade de Santiago de Compostela.


- Departamentos onde poderán realizar prácticas os alumnos (e nº de prazas):

Departamento de Calidade e Seguridade Alimentaria ( 1 praza)

- Períodos para a realización das prácticas:

Marzo – Decembro 2012

En Campo Lameiro a 11 de enero de 2012

  
José Quintas Bouzó  
C.I.F.: A36014330  
34986752025  
Sociedade Española de Recorrido  
Campo Lameiro, 36118



ANEXO II

DOCUMENTO DE ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CLÚSTER ALIMENTARIO DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A ORGANIZACIÓN DE PRÁCTICAS DOS ALUMNOS DO MASTER EN INNOVACIÓN EN SEGURIDADE Y TECNOLOXÍA ALIMENTARIA

Don Javier Izurieta Romero, en calidad de administrador

Manifesta a adhesión da empresa Yatecomere S.L., así como a aceptación dos compromisos establecidos no Convenio arriba citado para a organización de prácticas dos alumnos do Master en Innovación Seguridad e Tecnoloxía Alimentaria da Universidade de Santiago de Compostela.

Departamentos onde poderán realizar prácticas os alumnos (e n° de prazas):

Trazabilidade y Calidad

Periodos preferentes para a realización das prácticas:

Segundo trimestre

En Santiago

